


CONGRESO DA AELG EN PONTEVEDRA

Poesía galega desde o crepúsculo do Réxime

DANIEL SALGADO 06 OUTUBRO 2017 07:31



Nos arredores de 1976 publicáronse varias obras decisivas para a poesía galega contemporánea. *Con pólvora e magnolias*, *Seraogna*, *Herba aquí e acolá*, *Mesteres* ou *E direi-vos eu do mister das cobras* reconfiguraron o campo do posíbel e despexaron horizontes. Ese é o ano que a Asociación de Escritores en Lingua Galega escolleu para delimitar o congreso en que máis de 30 autoras e autores reflexionarán sobre o estado do xénero. **O Congreso vaise realizar esta fin de semana -sexta feira e sábado- no Pazo da cultura de Pontevedra.**

"A data de 1976 é significativa, polo novo contexto político e pola mudanza vencellada ao novo escenario", considera a profesora **Chus Nogueira** (A Estrada, 1968), que se encarga de coordinar o debate sobre a crítica. A irrupción do inédito non foi só estética. Os estudos literarios e a lingua entraron no ensino. A situación mudaba a velocidade elevada. A poesía foise desentendendo de obrigas anteriores e, canda a normalización da autonomía política, normalizáronse usos e maneiras que recibiron diferentes etiquetas: venecianismo, esteticismo, poesía dos 80.

Porén, *Nós tamén navegar* -así se denomina o encontro de dous días que empeza na tarde desta sexta feira en Pontevedra- ofrecerá outras vías de achegamento aos feitos poéticos dos últimos 40 anos. "O elemento máis enriquecedor, que máis ampliou o panorama, que abriu ventás, mesmo cunha intención de provocar, foi a poesía escrita por mulleres", sostén a poeta **Marta Dacosta** (Vigo, 1966). Responsábel da mesa que abrirá o congreso, sinala que, ademais, as escritoras tiñan vontade "de mudar o rumbo da poesía galega".

Seis libros editados entre 1991 e 1992 axudan a Dacosta a argumentar a súa tese: *Urania*, de **Chus Pato**, *Música reservada*, de **Luísa Villalta**, *Metáfora da metáfora*, de **María Xosé Queizán**, *Tempo de ría*, de **Xohana Torres**, *Tras as portas do rostro*, de **Marica Campo** e *Prometo a flor de loto*, de **Luz Pozo**. "Nesa época racharon tamén as barreiras xeracionais e asumimos que non podemos escribir se non o facemos desde o que somos, mulleres e galegas", engade, e cita a hispanista experta en lingua galega **Kathleen March** (Nova York, 1949): "No tempo actual non hai outra opción ca ler como muller, ca escribir como muller".

A poesía feminina, e feminista en non poucos casos, definiu a xeración dos 90 e a ollada crítica sobre a mesma. A achega de novos repertorios, adoito centrados nunha visión á fin liberada do corpo e o sexo, o que Dacosta denomina "o abandono do decoro", o emprego de rexistros lingüísticos antes non explorados, "enriqueceron a poesía galega". Que foi acompañada, entende Chus Nogueira, dun potente aparello crítico. "Se cadra, agárdase algo semellante para a poesía que están a escribir os máis novos. Pero non está sucedendo, e paréceme un erro procurar un réplica do que pasou nos 90", di.

Pero se hai un elemento común ás seis palestras de *Nos tamén navegar* é a cada vez maior dificultade para establecer un relato rixido e único da historia da poesía galega recente. **Carlos Negro** (Lalín, 1970) dirixe o debate sobre "innovación poética" e "trans-xénero". A súa intención é pescudar nas fronteiras, nas marxes, nas zonas de sombra, "cando o libro non é o centro da

poesía e a palabra é un pouco transxénica". E comprobar que a escolla destas modalidades polas poetas é, tamén, unha certa tradición entre 1976 e 2016.

Do **Antón Reixa** que facturaba vídeos como *Ringo Rango* (1992) á **Xela Arias** que ensaiaba nos cruzamentos entre fotografía e verso ou á Chus Pato que "rompe os xéneros desde o núcleo mesmo do poema", a hibridación e o experimento non é convidada de última hora. En paralelo á talvez máis canónica poesía de alta conciencia culturalista, houbo esoutras liñas. "Interésame que falemos de como a poesía galega busca o transfronteirizo", sinala Negro. A videocreación de **Celia Parra**, **Fran Alonso** e as súas probas na Rede, **Antía Otero** a procurar espazos comúns entre poema e música, ou as experiencias co grafismo de **Baldo Ramos** e **Xosé María Álvarez Cáccamo** son os exemplos en curso que pon.

Pasaron máis cousas na poesía destas catro décadas agora revisitada desde o que parece a fase crepuscular do réxime político derivado do posfranquismo. A tradución aumentou o seu peso e o corpus de obras da literatura mundial en galego é elevado, afirma **Ramiro Torres** (A Coruña, 1973). "O problema é a publicación", anota Torres, que modera a discusión sobre o particular, "e a ausencia dunha política cultural pública, dunha estratexia de país para traducir e que traduzan a nosa poesía fóra". Con todo, "o voluntarismo de persoas á marxe das institucións" posibilitou algúns fitos, entre os que salienta o *Fausto* de **Goethe** en versión de **Lois Tobío**, *A terra baldía* de **T. S. Eliot** por **Armando Requeixo** e **María Fé González**, e a *Divina Comedia* de **Dante** segundo **Darío Xohán Cabana**.

Máis alá de 2016

Dúas antoloxías, *No seu desprezar* (2016) e *13. Antoloxía da poesía galega próxima* (2017) organizaron a percepción xeral de que unha nova camada de poetas petaban ás portas da literatura galega. Aínda que ningún dos escritores e escritoras escolmados participan en *Nós tamén navegar* -o que provocou algunha polémica nas redes sociais-, o seu eco rebotará nos debates (que,

amais dos citados, abranxerán tamén as relacións entre ensino e poesía e "outras formas de comunicación do poético).

"Resúltame complicado atopar un nexo común entre eles", explica Carlos Negro, "pero si noto desconfianza na linguaxe, certo escepticismo e a pegada de Chus Pato. De feito, creo que a poesía galega do século XXI empeza con Chus Pato". Aínda que é a paisaxe devastada da gran crise e a precariedade vital como a súa consecuencia máis directa o que, se cadra, comparten autoras tan diversas como **Ismael Ramos, Lara Dopazo Ruibal, Antón Blanco, Berta Dávila** ou **Tamara Andrés**.